

Luz verde a tres proxectos de arranxo en viais e aldeas por case 200.000 €

A Corporación de Boqueixón deu luz verde, na súa sesión plenaria ordinaria de setembro, ás obras que se incluírán no POS + Adicional 2019, financiado pola Deputación Provincial de A Coruña. Dito plan incluírá tres proxectos que suporán un investimento dun total de preto de 200.000 euros.

Na súa intervención, o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, salientou que estas tres actuacións “veñen a cubrir antigas demandas da veciñanza tanto da parroquia de Lamas como da de Loureda”. Máis concretamente, e neste último caso, procederase “ao acondicionamento da Praza da Pena, o que suporá a humanización desta aldea”, explicou o rexedor. Deste xeito, continúa avanzando no programa de mellora dos núcleos poboacionais,



Lamas contará cunha nova senda peonil que se enlazará coa que actualmente se está a finalizar e que cruza este núcleo

procurando o seu embelecemento.

Dentro do POS + Adicional 2019 proxéctase tamén o acondicionamento en aglomerado do camiño que vai dende Lamas (Outeiro) á Igrexa. Ademais da mellora do vial, tamén se contempla a canalización de 120 metros de augas pluviais e 300 de alumeadado público.

Nesta mesma parroquia de Lamas levarase a cabo un proxecto de habilitación dunha senda peonil entre este lugar e o de Rodiño. “Deste xeito, enlazaremos esta infraestrutura coa que se está a rematar no medio do núcleo. A senda peonil facilitará que a veciñanza desta parroquia se poida trasladar con total seguri-

dade ata a marquesiña do autobús que se atopa en Rodiño”, concretou Manuel Fernández Munín.

Na actualidade, estanse a finalizar os traballos de habilitación da senda peonil no núcleo de Lamas, que conta cun investimento de preto de 100.000 €. O vial esténdese máis de medio quilómetro.

Inicio de curso con melloras nos distintos centros educativos

Os máis de 300 escolardos centros educativos de Boqueixón iniciaron con normalidade o curso escolar. Dende o Concello, acometéronse as obras de mantemento e de mellora das diferentes instalacións educativas co fin de terlas en condicións óptimas de cara

ao inicio das clases. Así, finalizáronse os traballos, financiados pola Xunta, de acondicionamento do tellado do edificio de Educación Infantil do CPIP Antonio Orza Couto. Do mesmo xeito, acometéronse melloras nas tres unitarias do CRA Boqueixón-Vedra (Camporra-

pado, Lestedo e Sergude). Realizáronse arranxos nos parques infantís, pintados no interior e melloras eléctricas nos distintos centros.

O curso escolar 2019/20 comezou no CRA Boqueixón-Vedra con 102 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria e no CPIP Antonio Orza Couto con 259 (35 de Infantil, 142 de Primaria e 82 de Educación Secundaria).



Cuberta do CPIP Antonio Orza Couto



Foto de familia de participantes, monitoras e monitores do programa de conciliación familiar e laboral 'Verán Activo', que se desenvolveu durante os meses estivais

O Verán Activo pechou as actividades estivais, nas que participaron case 170 cativas e cativos

O Concello de Boqueixón concluíu unha nova edición do seu programa de conciliación Verán Activo con grande éxito de participación. Dende o Departamento de Cultura e Xuventude amósanse moi satisfeitos coa boa acollida do programa. “O Verán Activo sempre conta con moita aceptación entre a veciñanza, xa que facilita a conciliación durante as va-

cacións estivais das pequenas e pequenos do municipio”, indican.

Foron preto de 170 nenos e nenos de Educación Infantil e Primaria os participantes nas distintas quendas ofertadas dende finais de xuño ata mediados do mes de setembro.

Esta iniciativa, incluída na Acción de Verán -coordinada polo Departamento de Cultura e Xuventude e

polo CIM boqueixanés e coa colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia-, ofreceu actividades de lecer para a cativada durante as súas vacacións estivais.

As distintas sesións leváronse a cabo de luns a venres nas instalacións de O Forte entre as 09.00 e as 14.00 horas. Para facilitar a asistencia, ofreceuse tamén un servizo de ampliación

horaria (de 08.00 a 15.00 horas) por conciliación. Actividades lúdicas, deportivas, acuáticas, así como cursos de natación, pintura, patinaxe e hípica centraron as propostas estivais.

Por outra banda, esta programación tamén se combinou con actuacións de teatro e títeres da man do programa *Ler Conta Moito* promovido pola Biblioteca Municipal de Boqueixón.

Catorce mozos e mozas participan no programa Galeuropa

O programa de Galeuropa Val do Ulla promoveu a realización de prácticas non laborais en empresas de Malta, Irlanda e Italia a un total de catorce mozos e mozas de entre 18 e 29 anos.

O grupo de participantes acudiu a unha reunión informativa na que participaron directora xeral de Xuventude, Participación

e Voluntariado, Cristina Pichel, e o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. O programa estenderase ata o mes de novembro.

A directora xeral destacou a importancia desta experiencia para ampliar os seus coñecementos, aprender o idioma do país de destino e mellorar as oportunidades laborais.



Un intre da recepción á mocidade participante no programa Galeuropa

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Primeira xornada de sensibilización en violencia contra a muller, en novembro

O CIM de Boqueixón está a organizar a primeira *Xornada de sensibilización en violencia contra a muller*. A cita desenvolverase o vindeiro sábado 9 de novembro ás 17.00 horas na Casa da Cultura de Camporrapado. Saladina Carrillo, Noelia Míguez e Emily Rodríguez, sobrevivintes da violencia machista, darán o seu testemuño para facer visible a problemática da violencia de xénero.

A tarde completarase coa exposición de fotografía *BlasFemia*, de Sara Pardo Lareo, coa música de Marina Vidal e Sofía Carbajales e co stand literario da novelista Emily Rodríguez Santos, autora do libro *Calas Brancas*.

Para asistir cómpre inscribirse no CIM de Boqueixón (cim@boqueixon.com ou no 981 513 061). Aforo limitado.



Foto de grupo de persoas participantes no roteiro 'Unha volta ao Pico'

'Unha volta ao Pico' congregou a preto de 50 participantes

Preto de medio cento de persoas participaron no roteiro *Unha Volta ao Pico*, organizado polo Departamento de Turismo do Concello de Boqueixón. A actividade comprendeu un percorrido por diversos lugares de interese pola contorna do Pico Sacro. Esta cita contou coa presenza do alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Mu-

nín, e do edil de Turismo, José Manuel Canabal.

A técnico de Turismo municipal, Alba Rodríguez, foi a encargada de guiar a todas as persoas asistentes a este roteiro duns 8,3 quilómetros de distancia. Pasaron polo Pico Sacro, o antigo cemiterio de Lestedo e a igrexa da Granxa, entre outros puntos de interese desta zona.

O CIM do Concello de Boqueixón oferta este mes 2 cursos dirixidos a mulleres

O CIM de Boqueixón pone en marcha este mes dúas accións formativas dirixidas a mulleres. As dúas actividades son de carácter gratuito.

A primeira delas ten como principal obxectivo facilitar a inclusión laboral das veciñas a través do curso *Formadas no Dixital: Aumenta as oportunidades laborais*. As sesións darán comezo o 8 de outubro na Aula de Informática do Centro Sociocultural Camilo José Cela de Lestedo (enriba das instalacións da EIM Raíña Lupa) e estenderanse todo o mes.

Por outra banda, os días 21 e 25 de outubro desenvolverase no Ximnasio municipal de O Forte un Curso de Autodefensa para mulleres ante situacións violentas. Máis información e inscricións, no CIM (981 513 061).



Novas actuacións nas 'Feiras Activas'

O programa de dinamización dos mercados de Lestedo e Rodiño *Feiras Activas* continuou a súa andaina con dúas novas actuacións durante o mes de setembro. Estas estiveron protagonizadas por Kote Malabar e pola agrupación Volta e Dalle Teatro.



Entrega de diplomas de inglés de Oxford

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, presidiu a entrega de diplomas acreditativos dos niveis B1 e B2 de inglés acadados polas persoas que superaron os exames de Oxford realizados dende o Concello. Todas elas participaron nas clases de inglés das escolas culturais municipais.

Máis 500 persoas acudiron en Lestedo á visita das reliquias de Santa Bernardita

Máis de 500 persoas achegáronse a Lestedo para asistiren á visita das reliquias de Santa Bernardita á Capela da Virxe de Lourdes. Veciñanza desta e doutras parroquias boqueixanesas e vedresas, así como diversas asociacións

da zona e o Concello de Boqueixón colaboraron na organización desta xornada.

Os actos, presididos polo párroco de Lestedo, José Sánchez Pisco, finalizaron co descubrimento dunha placa conmemorativa.



Un intre da recepción ás reliquias de Santa Bernardita en Lestedo

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Martes
1

Curso Formadas no Dixital: Aumenta as oportunidades laborais

Aula de Informática do CS Camilo José Cela de Lestedo
Martes e mércores de outubro
De 17.00 a 19.00 horas
Acción formativa gratuita
Inicio do curso para mulleres.
Obxectivos: Formación en novas tecnoloxías orientada á busca de emprego e a potenciar as habilidades dixitais.
Actividade financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade e polo Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.
Máis información, no CIM.

Inicio

Sábado
6

Obradoiro de elaboración de Sancosmeiros

Pazo da Feira de Lestedo
16.00 a 19.00 horas
Prezo: 60 ou 75 euros
Actividade organizada pola Asociación Cultural Mestre Mateo. Colaboran Concello de Boqueixón, Deputación da Coruña e Ramsa.
Datas: 19 de outubro; 2, 16 e 30 de novembro; 14 e 28 de decembro.
Inscripcións no 664 444 528 ou acmestremmanuelgacio@gmail.com. Prazas limitadas.

Domingo
6

Feiras Activas: Espectáculo de Kote Malabar

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas

Domingo
20

Feiras Activas: Actuación de Luz do Ilicino

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Música a cargo deste grupo da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Lestedo.

Días
21 e 25

Curso de autodefensa e autocapacidades para mulleres ante situacións violentas

Ximnasio municipal de O Forte
De 16.00 a 20.00 horas
Curso gratuito e dirixido a mulleres de 13 a 70 anos
Actividade financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade e polo Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.
Colaboran a AGASP e a Federación Galega de Loita.
Inscripcións ata o 15 de outubro.
Máis información, no CIM.

23, 24 e 25

Viaxe cultural a Toledo e Aranjuez

Prezo: 195 € (inclúe transporte, pensión completa en habitación dobre, servizo de guía e seguro de viaxe)
Inscripcións: 7 a 15 de outubro
Percorrido polo Conxunto Histórico-Artístico de Aranjuez; Toledo e Mosteiro do Escorial.
Reservas e máis información,

no Concello ou no 981 513 115.
Prazas e número de asento, adxudicadas por rigurosa orde de inscrición.

e en novembro...

Domingo
3

Feiras Activas: Feira do Magosto con Xogos Paporrubio

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
A feira combinarase co espectáculo dirixido ao público familiar de Xogos Paporrubio.

Sábado
9

Xornada do CIM de sensibilización en violencia contra a muller

Casa da Cultura
Camporrapado
17.00 horas
Entrada de balde
Xornada de sensibilización sobre violencia contra muller, con tres testemuños.
Haberá exposición fotográfica, música e stand literario.
Inscripcións, no CIM.

Domingo
10

Feiras Activas: Xornadas Micolóxicas e espectáculo Circanelo

Carballeira de Rodiño
12.30 horas
Entrada de balde
As Xornadas Micolóxicas complementarase co espectáculo de Fredi&Cía, dirixido a público familiar.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com